

APERTURA DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE LISTAS DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO SPIF

Santiago de Compostela 15/01/25

Hoxe publícanse en DOG as resolucións polas que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño transitorio de postos reservados a persoal funcionario do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidades de:

- + [Bombeiro/a forestal.](#)
- + [Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba.](#)
- + [Emisorista/vixilante/a fixo/a](#)
- + [Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada.](#)

A [Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas](#), introduce no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, unha **disposición adicional sexta** na cal se establece que no procedemento de inclusión destas novas listas **se valoren por unha soa vez os servizos prestados ata o 30 de maio de 2023 como persoal laboral das categorías equivalentes segundo o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, nos termos do artigo 9.bis.a) do Decreto 37/2006, do 2 de marzo.**

Ámbito territorial

- O ámbito territorial desta lista será o distrito forestal (anexo I da resolución).
- Podes elixir ata un **máximo de oito ámbitos**.

Requisitos:

- **Idade:** ter feito dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- **Nacionalidade:**
 - Ter a nacionalidade española.
 - Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.
 - Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.
 - Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.
- **Titulación académica:**
 - **BBFF, BBFF Condutor/a de motobomba, Emisorista/Vixilante fixo/a:**
 - Estar en posesión ou en condicións de obter o título de graduado/a en ESO ou equivalente.



- **BBFF Xefe/a de Brigada:**
 - Estar en posesión ou en condicións de obter o título de Técnico superior en Xestión Forestal e do Medio Natural, ou equivalente.
- **Permiso de conducir.**
 - **BBFF e Xefe/a de Brigada:**
 - Estar en posesión ou en condicións de obter o permiso de conducir B.
 - **BBFF Conductor de motobomba:**
 - Estar en posesión ou en condicións de obter o permiso de conducir B e C
- **Capacidade funcional:**
 - Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- **Habilitación:**
 - Non ter sido separado/a, nin despedido/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.
- **Coñecemento da lingua galega:**
 - **BBFF, BBFF Conductor/a motobomba, Emisorista/Vixilante Fixo/a: Celga 3**
 - **BBFF Xefe/a de Brigada: Celga 4**

SOLICITUDES:

- **Preferentemente por vía electrónica:**
 - Formulario normalizado contido no anexo I da Orde do 22 de febreiro de 2021 (DOG núm. 39, do 26 de febreiro) (código de procedemento AP522T)
 - Accesible:
 - <[Listas de contratación](#)>-<[Inclusión en listas](#)>.
 - <https://sede.xunta.gal>
 - Para a presentación electrónica: <https://fides.xunta.gal>
 - Podes empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>)
 - Dentro do proceso deberás pagar a taxa.
 - Unha vez finalizado o pago mento, deberá presentarse a solicitude para completar o proceso de inscrición.
- **Opcionalmente, podes presentar as solicitudes presencialmente**, utilizando a «solicitude normalizada presencial» accesible no portal web corporativo xunta.gal/funcion-publica, seguindo a ruta <[Listas de contratación](#)>-<[Inclusión en listas](#)>.
- **Instancias dirixiranse á:** Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- **Prazo de solicitude: 15 días hábiles a partir do 16/01/2025.**
- Taxas: 18,40€



- Exención de taxas:
 - Exención total:
 - As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
 - As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial
- Exención do 50% da taxa:
 - as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
 - As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data de publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia e que non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.
 - As vítimas do terrorismo, entendendo por tales, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa coa cal convívise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos. As persoas solicitantes exentas do pagamento da taxa marcarán esta opción na solicitude.
- **Pagamento da taxa podes realizalo polos seguintes medios:**
 - Presencial a través de entidade bancaria, volvendo logo a completar o pago na aplicación.
 - A plataforma FIDES permite o pago telemático con tarxeta ou bizum.
- **Finalizado o pagamento, debes volver a finalizar o procedemento presentando a solicitude.**

PROBAS FÍSICAS:

- **BBFF, BBFF condutor/a de motobomba, BBFF Xefe/a de Brigada:**
 - **Field Test:** camiñar 3.200 metros sobre terreo plano cun peso de 11KG ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos.
 - Para os postos que na RPT o teñan establecido a proba física **Pack Test:** camiñar 4.800 metros sobre terreo plano cun peso de 20Kg ás costas, nun tempo máximo de 45 minutos.
 - O resultado das probas será de **apto ou non apto**.
 - O resultado de apto no Pack Test eximirá de realizar o Field Test.
- **Emisorista/Vixilante fixo/a:**
 - Proba de **agudeza visual de lonxe** en ambos os dous ollos, así como a **visión cromática**, realizada cun aparello para control de visión tipo Visotest ou equivalente.
 - O resultado das probas será apto ou non apto.
- Estas **probas teñen validez ata o 1 de xaneiro do ano seguinte**, o persoal deberá acreditar, antes de ser nomeado, a vixencia da proba realizada co resultado de apto/a. No caso contrario, a Consellería do Medio Rural realizará as probas antes de ser nomeados/as funcionarios/as.

ORDE DE PRELACIÓN:

- Virá dada pola puntuación obtida de acordo co baremo establecido no artigo 9 do Decreto 37/2006.



- Valoraranse por unha soa vez os servizos prestados ata o 30 de maio de 2023 como persoal laboral das categorías equivalentes segundo o Decreto 165/2019, nos termos do artigo 9.bis.a) do Decreto 37/2006, do 2 de marzo.
- Os empates en puntuación: aplícase o artigo 10 do Decreto 37/2006.

ELABORACIÓN DAS LISTAS:

- A Comisión Permanente de Listas elevará á Dirección Xeral de Emprego Público o anuncio das listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, para a súa publicación en DOG.
- As listas poderanse consultar en: [Consulta das listas de vinculación temporal do Decreto 37/2006](#).

DEVOLUCIÓN DAS TAXAS:

- Publicadas as listas definitivas, as persoas excluídas dispós dun mes para solicitala

